

## ACTA DA COMISION INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E MOBILIDADE CELEBRADA O DIA 23 DE ABRIL DE 2021

PRESIDENTE: D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA  
LORENZO  
SUPLENTE: D. GREGORIO AGIS GÓMEZ  
VOGAIS:  
D<sup>a</sup>. ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA  
D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ  
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ  
D. CARLOS LÓPEZ FONT  
D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
D<sup>a</sup>. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ  
D<sup>a</sup>. OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS  
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO  
D. JORGE CUBELA LÓPEZ  
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ  
D. IGNACIO MARIL PARDO  
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
D. JAVIER TOURÍS ROMERO  
D<sup>a</sup> MARÍA ORTEGA IÑARREA en substitución de  
D. Uxío Benítez Fernández

Mediante sistema telemático, sendo as doce e vinte e cinco horas do día 23 de abril de 2021, reúnense baixo a Presidencia de D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, os Sres Deputados/as que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, D. Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1. Aprobación da acta da Comisión anterior**

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da Comisión Informativa celebrada o día 18 de marzo de 2021.

### **2. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Pazos de Borbén dun treito antigo da estrada provincial E.P. 2908 Arcade - Amoedo (pq. 11+660 a 11+740)**

Sométese a ditame da Comisión o seguinte informe-proposta da xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais:

*Antecedentes:*

*O Concello de Pazos de Borbén, representado polo seu alcalde Andrés Iglesias Rodríguez, presentou o 4 de febreiro de 2021 no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra unha solicitude para a transferencia a favor do Concello dun treito antigo da Estrada Provincial e.p. 2908 Arcade - Amoedo, segundo o plano que achega (Rex. Núm. WEB2021003818).*

*Trátase dun treito de 98 metros no lugar de Mogos, no Concello de Pazos de Borbén, que xa non forma parte do itinerario principal da dita estrada provincial 2908 Arcade -*



*Amoedo de 12.123 metros de lonxitude total e que discorre polos Concellos de Pazos de Borbén e Soutomaior.*

*Consideracións legais e técnicas:*

*1ª Lexislación aplicable.*

*Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).*

*Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL).*

*Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).*

*Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*2ª Características funcionais do treito obxecto do cambio de titularidade e valor patrimonial.*

*O 5 de febreiro de 2021 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informou favorablemente o cambio de titularidade a favor do Concello sinalando no informe que o treito antigo da EP-2908 Arcade - Amoedo, no lugar de Mogos, situado entre os puntos quilométricos 11+660 e 11+740, ten unha lonxitude duns 98 metros, e que froito dunha mellora no trazado deixou de ter a funcionalidade de viario principal, tendo na actualidade características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario municipal, servindo principalmente de acceso aos predios e as vivendas lindeiras. Considera que o antedito treito antigo da EP-2908, carece da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións e circulación de vehículos automóbiles polo que non ten as características propias dunha estrada provincial. Engade que o Concello de Pazos de Borbén poderá garantir un mellor mantemento da estrada e levar un control máis directo sobre a mesma para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público.*

*Conforme ao informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas o valor patrimonial do treito obxecto do cambio de titularidade é de cincuenta e nove mil oito centos oitenta e nove euros (59.889,00€).*

*3ª. Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.*

*A modificación na titularidade non altera a cualificación do treito como de dominio público. De acordo co artigo 9.7 da LEG os cambios de titularidade poderán*



*comprender estradas, tramos destas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.*

*Así mesmo os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.*

*De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.*

*O artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.*

*Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.*

*Conforme ao disposto nos artigos 3.3 .a) e 4. 1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.*

*Polo indicado, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Pazos de Borbén do treito antigo de 98 metros da Estrada provincial E.P. 2908 Arcade - Amoedo situado entre os p.q. 11+660 e 11+740.*

*O dito treito do viario incorporárase á relación de estradas de titularidade do Concello de Pazos de Borbén tal e como sinala o artigo 10.6 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia.*

*Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e 18 e seguintes do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia.*

*Terceiro.- Facultar á presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.*



Realizada a votación, o informe-proposta é ditaminado favorablemente por unanimidade.

**3. Cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Meaño da Estrada Provincial E.P. 9304 Couto-Embarcadoiro e dun treito antigo da Estrada Provincial E.P. 9303 Meaño-Dena (p.q. 0+680-0+750).**

Sométese a ditame da Comisión o seguinte informe-proposta da xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais:

*Antecedentes:*

*O Concello de Meaño e a Deputación de Pontevedra asinaron o 30 de novembro de 2020 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto de mellora da seguranza viaria na E.P. 9306 Cobas - Padrenda, pq. 0+000 a pq. 0+820.*

*Conforme a súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello dun treito antigo de 111 metros da estrada E.P. 9306 obxecto das obras proxectadas e tamén das seguintes vías:*

- *Treito antigo da Estrada Provincial E.P. 9303 Meaño - Dena, de 138 metros de lonxitude, situado entre os puntos quilométricos 0+680 e 0+750.*
- *Estrada provincial E.P. 9304 Couto - Embarcadoiro, de 219 metros.*

*O 3 de marzo de 2021 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informou favorablemente o cambio de titularidade, da EP 9304 e do referido treito de 138 metros da E.P. 9303, a prol do Concello de Meaño.*

*Consideracións:*

*1ª Lexislación aplicable.*

*Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).*

*Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL).*

*Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF). Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*2ª Motivación.*



*O 3 de marzo de 2021 o xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, informou favorablemente o cambio de titularidade a favor do Concello e estimou o valor patrimonial das vías obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en 484.417,00 €.*

*No informe emitido motivase o cambio de titularidade dando cumprimento ao establecido nos artigos 9.5, in fine da LEG e derradeiro parágrafo do artigo 18.2 do RXEG. Así, con respecto á E.P. 9304 Couto - Embarcadoiro sinálase que “ten unha estreita sección media de calzada duns 5 metros de ancho e non conta con saída. Ten unhas características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario municipal, servindo de acceso ás edificacións e aos predios lindeiros, así como a un pequeno acceso empedrado ao litoral costeiro”.*

*Polo que respecta ao tramo antigo da E.P. 9303 Meaño - Dena, situado entre os puntos quilométricos 0+680 e 0+750 sinálase que “é froito dunha mellora no trazado, polo que deixou de ter a funcionalidade de viario principal, tendo tamén na actualidade características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario municipal, servindo principalmente de acceso aos predios e vivendas lindeiras.*

*Polo anterior, considérase que tanto a E.P. 9304 como o antedito treito antigo da E.P. 9303, carecen de funcionalidade de soporte físico para as comunicacións e circulación de vehículos automóbiles, en consecuencia, non teñen as características propias dunha Estrada provincial, por todo o anterior, e logo que con estas transferencias o Concello de Meaño poderá garantir un mellor mantemento das estradas e levar un control máis directo sobre a mesma para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público.*

*3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.*

*Trátase da modificación na titularidade dunha estrada dunha lonxitude de 219 metros de lonxitude e dun treito antigo de 138 metros, mantendo a cualificación de dominio público.*

*O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.*

*De acordo co artigo 9. 6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.*

*A formalización realizarase mediante acta de entrega subscriba polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De selo o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a*



*asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.*

*O artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.*

*Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.*

*Conforme ao disposto nos artigos 3.3 .a) e 4. 1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.*

*Polo indicado, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meaño da Estrada provincial E.P. 9304 Couto - Embarcadoiro, de 219 metros e do Treito antigo da Estrada Provincial E.P. 9303 Meaño - Dena, de 138 metros de lonxitude, situado entre os puntos quilométricos 0+680 e 0+750.*

*Ditos viarios incorporaranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Meaño tal e como sinala o artigo 10.6 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia.*

*Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e 18 e seguintes do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia.*

*Terceiro.- Facultar á presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.*

Realizada a votación, o informe-proposta é ditaminado favorablemente por unanimidade.



**4. Cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Cerdedo-Cotobade dun treito de 450 metros lineais da Estrada provincial E.P. 0401 Carballedo - Caroi, do pq.0+000 ao pq. 0+450.**

Sométese a ditame da Comisión o seguinte informe-proposta da xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais:

*Antecedentes:*

*O Concello de Cerdedo-Cotobade e a Deputación de Pontevedra asinaron o día 9 de Agosto de 2018 un convenio de colaboración para a execución do proxecto de Reestruturación do espazo público e mellora da mobilidade do núcleo de A Chan.*

*As obras obxecto do proxecto consistiron na humanización do treito para conseguir unha mellora da mobilidade peonil, así como a instalación de dispositivos de calmado do tráfico, todo elo consonte a criterios de seguridade e mobilidade sostible.*

*O 23 de xaneiro de 2020 estendeuse acta de recepción favorable das ditas obras conforme ao artigo 243.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e aos fins previstos nos artigos 210.3, 238.3 e 243.2 da LCS.*

*Consideracións:*

*1ª Lexislación aplicable*

*Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).*

*Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG).*

*Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCS).*

*Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP). Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL).*

*Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).*

*Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

*2ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade.*

*Trátase da modificación na titularidade dun treito de aproximadamente 450 m da estrada E.P. 0401 mantendo a cualificación de dominio público.*

*O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais estimou o valor patrimonial do treito obxecto do Convenio en 966.875,00 € e informou favorablemente o cambio de titularidade a favor do Concello.*



*No informe emitido indícase que "o treito non reúne as características propias dunha estrada provincial polo seu trazado e que, ademais, o Concello de Cerdedo-Cotobade poderá garantir un mellor mantemento da estrada e levar un control máis directo sobre a mesma para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público".*

*O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.*

*Conforme ao artigo 48 da LRXSP os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. Na cláusula sexta, apartado 4) do convenio referenciado no antecedente 1 fíxase, entre as obrigas do Concello a de:*

*"solicitar a transferencia da vía, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*

*Na cláusula sexta 3) establécese que é obriga do Concello "levar a cabo a conservación, mantemento e explotación da infraestrutura obxecto do convenio, logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras".*

### *3ª Procedemento.*

*O artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo*

*47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.*

*Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.*

*Conforme ao disposto nos artigos 3.3 .a) e 4. 1.b 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.*

*Polo indicado, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de CerdedoCotobade dun treito de 450 metros lineais da Estrada provincial E.P. 0401 Carballedo - Caroi, do pq.0+000 ao pq. 0+450.*





*Dito treito do viario incorporarase á relación de estradas de titularidade do Concello de Cerdedo-Cotobade tal e como sinala o artigo 10.6 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia.*

*Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e 18 e seguintes do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia.*

*Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.*

Realizada a votación, o informe-proposta é ditaminado favorablemente por unanimidade.

### **5. Aprobación do proxecto de Mellora da Seguraza viaria na E.P. 9306 Cobas - Padrenda (Meaño) e do expediente de expropiación**

Sométese a ditame da Comisión o seguinte informe-proposta da xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais:

*Antecedentes:*

*1.- O Concello de Meaño e a Deputación de Pontevedra asinaron o 30 de novembro de 2020 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto de mellora da seguraza viaria na E.P. 9306 Cobas - Padrenda, pq. 0+000 a pq. 0+820.*

*Conforme a súa cláusula sexta 1) e 5), correspóndelle á Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras e a execución e pago das expropiacións necesarias para a realización das obras reflectidas no proxecto.*

*2.- O proxecto, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, foi visado polo Colexio profesional o 20-042020 e supervisado favorablemente polo enxeñeiro de camiños, canles e portos do Servizo Técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime David Ruibal De Sola o 02/12/2020.*

*No anexo V do proxecto prevese a expropiación de 765 m<sup>2</sup> da parcela catastral 8039815NH1083N0001RK situada en solo de núcleo rural no Concello de Ribadumia.*

*A superficie a expropiar valorouse en trinta e catro mil cincocentos trinta e nove euros con setenta e cinco céntimos (34.539,75 €), incluído o premio de afección.*

*3.- Informe da Secretaría Xeral de 12/02/2021.*



*Consideración previa:*

*Logo do informe da Secretaría Xeral sinalando a lexislación aplicable e o procedemento xeral e da verificación da incorporación dos documentos referidos no informe precitado, fórmulase proposta de acordo concretando os aspectos relativos á declaración de urxencia da expropiación, á determinación do prazo de información pública e da administración competente para a aprobación definitiva do proxecto.*

*Consideracións legais e técnicas:*

*1ª Lexislación aplicable.*

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)*
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)*
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)*
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG)*
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG)*
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).*
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da lei do solo.*
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).*
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.*

*2ª.- Documentación.*

*Constan no expediente os seguintes documentos referidos no informe da Secretaría Xeral :*

- Proxecto identificado polo CSV elaborado unicamente polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro.*

*Ao tratarse dun solo proxectista, non foi necesario designar coordinador de seguridade e saúde conforme ao Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.*

*No punto 8 da memoria do proxecto recóllese que o planeamento vixente no Concello de Meaño é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente o 28 de*



decembro de 1999 e que as actuacións propostas se sitúan en terreos clasificados como Solo de Núcleo Rural (ordenanzas 7).

Tamén se recolle na memoria - punto 10- incidencia ambiental- que non se trata de suposto ningún dos recollidos na lexislación vixente de incidencia ambiental; que tampouco se leva a cabo ou ten relación directa con ningún dos espazos naturais que forman parte da Rede Natura 2000 ou da Rede Galega de Espazos Protexidos e que, polo tanto, enténdese que non resulta necesaria a súa tramitación conforme ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental ordinaria nin simplificada.

- Informe de supervisión favorable emitido por Jaime David Ruibal de Sola, técnico de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, en data 2/12/2020.

No informe sinálase que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental; que conforme ao artigo 20 da LEG a única autorización sectorial necesaria é a de Augas de Galicia por afectar o proxecto á zona de servidume e policía do rego de Fofán e rego da Fonte Espiña.

- Autorización da Augas de Galicia de 28/05/2020 para a execución das obras.
- O proxecto inclúe un Anexo (núm. 5) sobre as necesidades de ocupación de terreos. Nel expónse que “ a determinación da superficie afectada foi definida considerando o límite do dominio público da aresta exterior da actuación, entendendo como tal a liña que define a cabeza de desmorte, o pé do noiro ou a parte máis externa doutros elementos como beirarrúas, cunetas...”.

Está afectada unha única parcela situada no Concello de Ribadumia, sendo a superficie a expropiar a de 765 m2 segundo se concreta no seguinte cadro contido no dito Anexo V:

Resumo Valoracións	
Concepto	Valor (€)
Solo	19.125,00 €
Bens	13.770,00 €
<i>Subtotal</i>	<i>32.895,00 €</i>
Premio de afección	1.644,75 €
<b>TOTAL</b>	<b>34.539,75 €</b>

- Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 18-02-2021 sobre criterios de valoración da superficie necesaria para a execución das obras e que se pretende adquirir por expropiación: de 765,00 m2 da parcela coa referencia catastral 8039815NH1083N, clasificada como solo de núcleo rural.
- Certificación catastral de data 19-01-2021.

Conforme á certificación a titularidade da parcela catastral número 8039815MH1083N0001RK corresponde a “FAMILIA ZARATE”, con domicilio fiscal en Sisán Grande- 36638 Ribadumia. Non consta DNI nin CIF ningún.



*De acordo coa Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade de Cambados de 10 de marzo de 2021, “examinados os libros do arquivo do Rexistro non figura inscrita finca ningunha coa referencia catastral número 8039815MH1083N0001RKI.”*

*Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración expropiante considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.*

*O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule una relación concreta e individualizada, na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobarase definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación dos mesmos.*

*O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente expropiatorio. (Artigo 20.2 do RLEF).*

*Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens. (Artigo 20.4 do mencionado Regulamento).*

*Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio do mesmo e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que «Se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares» (art 5.1).*

- *Dilixencia da Intervención Xeral de 12-03-2021 pola que se fai constar que o informe de fiscalización do proxecto das obras de “Mellora da seguranza viaria na E.P. 9306 Cobas Padrenda, P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+820 (Meaño)” figura no expediente con código nº 2020055079 co CSV:6ULM3GJXH3ZQWDI8.*

### *3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.*

*No informe emitido pola Secretaría sinalase “Aínda que por este informante se entende que a declaración da urxente ocupación se encontrará implícita na aprobación definitiva do proxecto, podería completarse a súa xustificación para maior seguridade, e pendentes do informe instado. Neste sentido e como se sinalou, proponse que se remita consulta á Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de estradas, partindo das súas funcións ex art. 22.3 e 4 da LEG, respecto dos apuntados dous puntos: A interpretación efectuada respecto dos casos nos que a aprobación definitiva dos proxectos lle corresponda á propia Xunta; a necesidade de motivación expresa da*



*urxente ocupación en cada caso, ou se esta se considera implícita ex lege sen necesidade de pronunciamento específico ao respecto.”*

*O artigo 56.1 do RLEF establece: “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por una expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de selo o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras en que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal, ou no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.*

*No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 1 de febreiro no que se sinala: “Dende un punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que a actuación na intersección existente entre a E.P. 9306 Cobas-Padrenda e a E.P.9305 Coirón-Ribadumia-Leiro, no Concello de Meaño, ten como obxectivo eliminar un punto perigoso onde diariamente numerosos vehículos realizan xiros á esquerda, invadindo o carril contrario para realizar o xiro, e sen existir nese punto unha boa visibilidade ó coincidir a intersección en metade dunha curva. Para eliminar este punto perigoso da rede viaria provincial, faise necesario crear unha glorieta que regule a intersección existente, evitando desta forma os perigosos xiros á esquerda en zonas onde non existe unha boa visibilidade. Debido ó pouco espazo de dominio público existente na actualidade na intersección entre as dúas estradas provinciais, é necesario ocupar terreos de propiedade privada para poder encaixar a antedita glorieta nese punto.”*

*Ademais da xustificación técnica da expropiación urxente, conséntase que o ordenamento xurídico ocúpase da regulación sectorial e específica para determinados tipos de obras públicas: hidráulicas, camiños de ferro, portos, estradas e autopistas. No suposto obxecto deste informe-proposta é de aplicación o establecido no artigo 22.5 da LEG que establece:*

*“A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, os depósitos dos materiais sobrantes e os préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto, así como para a traza de planta do proxecto e as modificacións desta que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e da urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.”*

*O artigo 56. 1 do REG - efectos da aprobación definitiva dos proxectos establece:*

*1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:*

*a) A declaración de utilidade pública.*



- b) *A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.*
- c) *A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.*
- d) *A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.*
- e) *A declaración da urxencia da ocupación.*

*2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible queo anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.*

*3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG).*

#### *4ª Información pública - Prazo da exposición pública.*

*No informe de Secretaría sinalase "Dita exposición terá a duración de 30 ou 15 días hábiles (proponse en todo caso 30, para maior seguridade, ou cando menos 20 -ex art. 83 Lei 39/2015 en relación co 93 do TRRL-), e implicará a audiencia ás Administracións afectadas, segundo nos encontremos ou non no suposto do art. 21.1 LEG."*

*O artigo 93 do TRRL dispón: "A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva".*

*A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 -ambos incluídos- da LEG e 44 a 57 do RXEG.*

*Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21. 1 da LEG e 49. 1 e 2 do RXEG. Son preceptivos- información pública e informe das administracións afectadas nos seguintes supostos establecidos no artigo 49 1 e 2 do RXEG:*



- a) *Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.*
- b) *Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos se guintes supostos:*

*1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.*

*2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)*

*2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:*

- a) *Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.*
- b) *Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o existido na lexislación de contratos do sector público.*
- c) *Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística.*

*No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.*

*Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”*

*Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre la*



*procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinala no informe de Secretaría, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo, tal e como se sinala no informe de Secretaría, simultanearse a exposición do proxecto e a da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.*

*Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta, segundo se sinala no informe de Secretaría, o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.*

### *5ª Aprobación definitiva do proxecto.*

*Con respecto da Administración competente para a aprobación definitiva do proxecto no informe de Secretaría conclúese que se trata dunha cuestión a determinar polo servizo segundo as circunstancias concorrentes neste expediente e considerase que:*

*“Do xogo combinado dos arts. 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos arts. 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:*

*Cando precisen de exposición pública segundo o art. 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto*

*Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art.21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o art. 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).*

*De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.*

*Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).”*

*Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considerase que existe afección significativa nos seguintes supostos:*





*“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.*

*2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG”*

*Segundo se sinala no informe de Secretaría na Deputación o Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación*

*Polo indicado, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de mellora da seguranza viaria na*

*E.P. 9306 Cobas - Padrenda, pq. 0+000 a pq. 0+820 cun orzamento de licitación de 537.130,41 € e de expropiacións de 34.539,75 €*

*Segundo.- Expoñer ao público o proxecto por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola mesma.*

*Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento expropiatorio.*

*Cuarto. Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia, no taboleiro edictal e do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.*

*Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación*



Nº de Orde	Ref. Catastral	Bens afectados
1	8039815NH1083 N	765 m2 de superficie clasificada como solo de núcleo rural 765 m2 de viñado en emparrado con postes de pedra

Realizada a votación, o informe-proposta é ditaminado favorablemente por unanimidade.

### **6. Moción do grupo provincial do Partido Popular relativo ás estradas provinciais do Camiño**

*O grupo provincial do Partido Popular, e no seu nome o voceiro Jorge Cubela López, ante o pleno da Deputación de Pontevedra presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte*

#### **MOCIÓN ESTRADAS PROVINCIAIS DO CAMIÑO**

*O Xacobeo 2021 e 2022 é un fenómeno internacional que Galicia, e polo tanto tamén a provincia de Pontevedra, debe aproveitar para reforzar a súa imaxe exterior, pero sobre todo debe ser unha punta de lanza para superar a crise económica que estamos sufrindo pola pandemia sanitaria. Non existe un itinerario relixioso, espiritual e cultural similar en todo o mundo. O Ano Santo non só ten importancia confesional, a súa relevancia é tamén a nivel social, económico e cultural.*

*Os efectos da pandemia provocaron unha reorientación e redifinición do Xacobeo para adaptalo á realidade na que nos atopamos actualmente, pero o certo é que cando se reduzan as limitacións á mobilidade vai ter un tirón exponencial importante, que vai supoñer a chegada de turistas e peregrinos dispostos a percorrer as diferentes rutas do Camiño.*

*Pola nosa provincia transcorren o Camiño Portugués, o Camiño Portugués da Costa, a Vía da Prata, o Camiño de Inverno e a Ruta do Mar de Arousa e do Río Ulla, sendo esta última unha ruta marítima. Polo tanto, resulta de especial importancia que as estradas provinciais polas que transcorren as catro rutas do Camiño contén cun plan integral para a súa posta en valor e mellorar a seguridade para os milleiros de peregrinos que se esperan.*

*A EP-0002, entre Tomeza e O Marco, na cidade de Pontevedra, conta con importantes puntos negros que poñen en perigo a seguridade dos peregrinos. A estrada non conta cunha franxa de terreo continua para poder percorrela a pé, e nalgunhas zonas nin*



*sequera hai beiravía. Unha situación que provoca que este sexa un tramo de camiño totalmente inseguro, situación que se agrava durante o inverno pola climatoloxía. A mellora da seguridade viaria neste lugar xa se reclamou na Mesa do Camiño que se celebra na Deputación de Pontevedra, mais aínda non se fixo nada ao respecto.*

*Polo exposto anteriormente, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS*

- 1. Que a Deputación de Pontevedra impulse a mellora integral das estradas provinciais polas que transita o Camiño de Santiago, con motivo da conmemoración do Xacobeo 2021 e 2022.*
- 2. Que a Deputación de Pontevedra actúe na EP-002, na cidade de Pontevedra, para eliminar os puntos negros que poñen en perigo a seguridade dos peregrinos.*

*Pontevedra, 15 de abril de 2021.*

Unha vez exposta e discutida a moción, sométese a votación. É ditaminada cos votos a favor do Grupo Partido Popular e os votos en contra dos Grupos do Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

### **7.- Rogos e preguntas**

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, o presidente levanta a sesión, sendo as doce e trinta horas, do que eu, como secretario, dou fe.

*Documento asinado electrónicamente*

